



O Rego - Parada - Ordes, 1980-10

Informantes: María (48) e Jesús (58)

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcrición: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina

Sete cuncas de papas de millo marelo unha vella comeu;
reventoulle o cordón do xustillo de tanto qu'encheu;
tiña fame, comeu outras poucas e mais recuncou;
fixo com'on foghete no aire ¡chis-pum! e estalou.

¡Ai na feira de Monterroso!
vintecatro xastres xuntos
da cabalo dun raposo.

Na casa de ferreiro
coitelo de pao,
e na de carpinteiro
sentado no chao.